



BOA PRÁCTICA DE XESTIÓN CULTURAL EN GALICIA 2018



Asociación Cultural BARBANTIA®

Rúa Principal, 77
Centro Social, 4º Andar
BOIRO - CP: 15930
☎ 981-842635 ☎ FAX 981-842725 Móbil: 690 933 651
www.barbantia.gal www.barbantia.es - www.barbantia.org
barbantia@barbantia.es - barbantia@barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es - www.cafebarbantia.barbantia.org

Prezada socia:
Prezado socio:

De novo, a Asociación Cultural Barbantia® vai realizar a súa gran festa anual, na que presentaremos o décimo oitavo volume **Anuario de Estudos do Barbanza 2022** e entregaremos os **XVI Premios Barbantia® da Cultura 2022**.

Os galardoados co **sereo de Barbantia®** saíran dunha listaxe na que aparecen os artistas, escritores, axentes culturais e iniciativas nominados anteriormente polos socios e socias. Así mesmo, convidámoste a que nos fagas chegar nomes doutros referentes da cultura da comarca, para incluílos como candidatos na edición do ano 2023.

Para participares na votación, debes escoller un só nome por categoría, recortar esta carta pola liña de puntos e enviar o teu voto ao enderezo postal da sede da Asociación: Centro Social, Rúa Principal, 77, 4º Andar, 15930 (Boiro) ou por correo electrónico a barbantia@barbantia.es ou pastor@barbantia.es **antes do 30 de novembro**. Tamén podes introducir o teu voto na urna que estará nos vindeiros actos de Barbantia® ao voso dispor.

Unha vez recollidas e escrutadas as papeletas, porémonos en contacto cos galardoados para citalos na entrega dos sereos, que este ano será **o sábado 10 de decembro, ás 12.30 h no Pazo de Goiáns do Concello de Boiro**.

Aproveitamos para comunicarvos que o **venres, 25 de novembro** estaremos no **Centro Sociocultural-Auditorio do Concello de Rianxo** presentando o libro **A agonía das folerpas**, de **Óscar Robeiras Loureiro**, ás **20.30 h**

Agradecendo que participes connosco nesta festa da cultura barbancesa, envíoches o meu afectivo saúdo, e póñoame ao teu dispor.

Manuel Cartea

Presidente de Barbantia®

Boiro, 8 de novembro de 2022

PREMIO BARBANTIA® 2022 Á TRAXECTORIA CULTURAL NO BARBANZA		PREMIO BARBANTIA® 2022 Á INICIATIVA CULTURAL NO BARBANZA		PREMIO BARBANTIA® DA CULTURA GALEGA 2022	
Ana Blanco		Museo Valle-Inclán		Manuel Olveira	
Esperanza Mara		Centro Arqueolóxico do Barbanza		Sonia Lebedynski	
Xosé Luís Veiras Manteiga		Museo do Gravado de Artes		Xesús Alonso Montero	

SUXESTIÓNS Premios Barbantia® da Cultura 2023:

Á TRAXECTORIA CULTURAL NO BARBANZA	INICIATIVA CULTURAL NO BARBANZA	CULTURA GALEGA